

REGULAMENTO XII RUTA BTT CONCELLO DE DUMBRIA

1.- DATOS XERAIS DA ACTIVIDADE

- .- Denominación: XII MARCHA CICLOTURISTA BTT CONCELLO DE DUMBRÍA**
- .- Organizador: Concello de Dumbria**
- .- Colaborador: Club Ciclista Dumbria**
- .- Data: 19 de abril do 2026**
- .- Hora: 9,30h a 15,30h**
- .- Saída e Chegada: Instalacións deportivas Municipais do Conco (Dumbria)**
- .- Modalidade: Evento deportivo cicloturista non federado**
- .- Idades participantes: A partir dos 16 anos cumpridos o día da proba (menores de idade obrigatorio autorización paterna, materna ou tutor).**

1 REGULACIÓN XERAL

1.1 A ruta BTT Concello de Dumbria, é unha marcha cicloturista de montaña de carácter non competitivo e reservada para participantes federados e non federados.

1.2 A XII edición terá lugar o día 19 abril do 2026.

1.3 Todos os participantes sin excepción estarán cubertos por seguros de accidentes e RC, contratados pola organización, que estarán axustados a normativa vixente.

1.4 A inscrición é obrigatoria e implica a aceptación íntegra do presente regulamento e o cumprimento das normativas de tráfico, seguridade e sanidade vixentes.

1.5 A proba disputarase o día domingo 19 de abril

de 2026, con saída e chegada en (DUMBRIA), en formato de proba cicloturista, (proba deportiva non competitiva).

1.6 feito de inscribirse supón có participante é coñecedor do presente regulamento e acepta as condicións do mesmo. O incumplimento parcial ou total do mesmo, entrañará a exclusión da proba.

1.7 Da mesma forma, o participante acepta acatar as directrices do persoal de organización, dos servizos de seguridade e as normativas de tráfico vixentes.

2 DATA, LUGAR E HORARIOS

2.1 19 de abril do 2026

2.2 Saída e chegada: Instalacións deportivas municipais do Conco (Dumbría)

2.3 Hora de saída: 9:30h

2.4 Horario de chegada: entre as 13:00h e as 15:00h.

2.5 Carácter non competitivo, con cronometraxe na saída e punto intermedio na ruta larga.

3 PERCORRIDOS

3.1 Ruta larga 56,4km

3.2 Ruta corta 32 km

3.3 A organización da proba, réxese polas normas de tráfico vixente, polo que é obrigatorio o uso do casco protector homologado en todo o percorrido. O incumprimento desta norma será motivo de expulsión inmediata.

3.4 Todos os participantes consideranse en excursión persoal, debendo aterse as Normas do Vixente Código de Circulación na estrada e considerándose persoalmente responsables de todas as infraccións que poidan cometer.

3.5 É obrigatorio levar un teléfono móbil cargado durante a proba. O teléfono móbil será clave a hora de contactar, se existe a necesidade por avaria ou cuestións médicas, cos teléfonos de emerxencia que figuran no dorsal.

3.6 Advirtese aos participantes que o feito de circular un vehículo de apertura non supón a paralización do tráfico, senon que se trata dunha sinalización.

3.7 A seguridade na vía pública e o control e regulación do tráfico será responsabilidade dos corpos de seguridade, pero hai que lembrar que o tráfico no percorrido está aberto e que, ante todo, débese circular seguindo as normas de circulación.

3.8 Non é unha competición, senón unha marcha cicloturista. Isto débese ter moi en conta a hora de cruzar poboacións, circular pola dereita, pasar por rotondas e cruces, baixadas de portos, etc. É obrigatorio levar o dorsal nun lugar visible, tanto na saída como nos avituallamentos. Fárase un rigoroso control de dorsais.

Quedará totalmente prohibido participar na marcha sen dorsal ou outra identificación que a organización entregue aos participantes. deberá colocarse ademais o CHIP segundo as instrucións que se darán pola organización para o control dos tempos.

3.9 Estará a disposición dos participantes, un servizo de primeiros auxilios e se fose preciso, unha ambulancia trasladará ao accidentado o centro hospitalario concertado.

3.10 A organización contará con varios vehículos de asistencia para o traslado de bicicletas e participantes con problemas. Os participantes son responsables de presentarse na saída coa bicicleta en condicións para afrontar a marcha, así mesmo, se recomenda os corredores ir dotados cun KIT BÁSICO DE REPARACIÓN.

3.11 O percorrido estará sinalizado con soportes físicos.

3.12 Elección da distancia: No momento da inscrición, o participante elixirá a distancia máis axeitada para súa condición física. O día da proba pode cambiar a distancia a máis longa ou máis curta.

3.13 Os participantes que cheguen ao punto de bifurcación das rutas co control pechado, deberá elixir a ruta curta.

PARTICIPANTES

4.1 A proba está reservada tanto para deportistas federados coma non federados.

4.2 A idade mínima para participar é ter cumpridos os 16 anos o día da proba.

4.3 Menores de idade con autorización paterna

4.4 Limite de participantes 400.

OBLIGACIÓNS

5.1 ABSOLUTAMENTE IMPRESCINDIBLE O DORSAL para circular no tramo comprendido entre a cabeza e o peche da marcha, e non poderá ser reemplazado por ningunha placa ou distintivo.

5.2 Recollida do dorsal nos prazos e puntos previstos pola organización.

5.3 Uso obligatorio do casco e dorsal colocado de forma visible sobre a parte dianteira do manillar.

5.4 Solidaridade e auxilio a compañeiros no caso de que o precisen.

5.5 O participante ao inscribirse na marcha reconece ter leido na súa totalidade o presente regulamento e asume os riscos da participación na proba de btt aberta ao tráfico e exclue á organización de toda responsabilidade por calquera incidencia ou accidente derivado da participación da mesma.

INSCRICIÓN

6.1 Non se consideraran formalizadas as inscricións ata que non se realice o pago das mesmas.

A incrición realizarase por adiantado a través da páxina Web: <http://www.emesports.es/>.

6.2 Precio inscrición con comida: 20€

6.3 Precio inscrición sen comida: 15€

6.4 Apertura de inscrición: 9 de marzo as 14:00h

6.5 Peche de inscricións: 16 de abril as 23:59h

Cuota de inscrición: 20€

7.1 Dorsal personalizado

7.2 Seguro

7.3 Comida (no caso de tela abonada)

7.4 Avituallamentos solidos e liquidosl

7.5 Ambulancia e médico

7.6 Personal de seguridad Aparcamiento

7.7 Duchas, aseos e cafeteria

COMIDA

8.1 O menú da comida para os participantes que elixan esta opción, será: ensalada de pasta e churrasco e bebida.

8.2 No momento da inscrición, o participante poderá elixir a opción comida para acompañante por un prezo de 10€

BICICLETAS

9.1 A bicicleta propia da proba é a de montaña convencional

9.2 A organización permite o uso de bicicleta de montaña eléctrica, neste caso, no momento de realizar a inscrición, deberá sinalar a opción de bicicleta eléctrica para realizar unha

clasificación desta categoría.

DEREITOS DE IMAXE

O participante autoriza o uso de fotografías propias sempre que o seu uso garde relación co evento no que se subscribe. Coa firma de inscrición o participante admite que o organizador, poida facer uso da imaxe de todos os ciclistas en calquera formato xa sexa gráfico ou dixital e en todas as súas formas (radio, prensa, vídeo, foto, DVD, internet, cartels, medios de comunicación, etc.) e cede todos os dereitos relativos a súa explotación comercial e publicitaria que consideren oportuno executar, sen dereito pola súa banda a recibir compensación económica algunha.

ENTREGA DE DORSAIS

A organización, entregara dorsais para a marcha nos seguintes horarios:

Sabado dia 18 de abril, en horario de 17,00 h a 20,00 h nas instalacións deportivas Municipais.

O mesmo dia da marcha a partir das 08,00h nas Instalacións deportivas Municipais.

CIVISMO E RESPECTO

Os participantes aceptan cada un dos artigos deste regulamento e comprometéense a participar de maneira honesta segundo as normas de tráfico, así como a cubrir todo o percorrido na súa totalidade antes de cruzar a liña de meta. Así mesmo, manifestan ser respectuosos co persoal implicado na organización e co resto de participantes.

Comprometéense tamén a tratar o material deportivo propio e alieo con respecto, e a levar casco regulamentario, obrigatorio durante todo o percorrido.

Co fin de contribuír a un mínimo impacto ambiental da proba, os participantes usarán os colectores situados nos avituallamentos e puntos estratéxicos para tirar envases, envoltorios ou restos de comida e absteranse de arroxar nada a estrada durante o percorrido.

RESPECTA O MEDIO AMBIENTE.

Co fin de xerar un mínimo impacto ambiental, os participantes usarán os colectores situados nos avituallamientos para tirar envases, envoltorios ou restos de comida e absteranse de arroxar nada a estrada durante o percorrido.

Respecta a posibles veciños e/ou traballadores da zona.

Respecta aos voluntarios e staff de organización que están a velar por ti, así como aos teus propios compañeiros.

Respecta os avituallamientos. Pensa que detrás teu/a virán máis participantes que tamén

quereran beber e corner como ti. So colle o imprescindible que necesites para aguantar ata o próximo avituallamiento.

Non te pares coa bici diante do avituallamiento para que che enchan os bidóns, isto forma moito tapón.

Non ouriñes a beira dos avituallamientos.

Os participantes que non cumpran con estas normas serán descualificados e apartados da marcha cicloturista pola organización nesta edición e as próximas.

XENERALIDADES

Respectarase a puntualidade dos horarios, debendo estar 15 minutos antes do horario de saída. A organización non se fai cargo de averías mecánicas.

A organización contará con ambulancia e coches de recollida de bicis e deportistas.

LOXiSTICA

A organización reservase o dereito de modificar todo o relativo ao itinerario, avituallamientos, horario de saída, etc, cando por motivos ou circunstancias así o aconsellen.

LOPD

O Club Ciclista Dumbria e Concello de Dumbria, garanten o pleno cumprimento da normativa de Protección de Datos de Caracter Persoal, e así, de acordo coa Lei Organica 1511999, o asinante queda informado a presta o seu consentimento a incorporación dos seus datos aos ficheiros automatizados existentes no Club e ao tratamento dos mesmos para a súa utilización en relación co desenvolvemento de xestións administrativas, comerciais e outras actividades propias do mesmo. A política de privacidade do citado club asegúralle, en todo caso, o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, nos termos establecidos na lexislación vixente, mediante escrito dirixido a Club Ciclista Dumbria, CONCELLO DE DUMBRIA, CTRA DUMBRIA S/n. 15151, DUMBRIA.

En Dumbria a 29 de xaneiro do 2026.

Asdo. A organización.

